

**Asistencia técnica de colaboración para a efectividade do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras**

**PREGO DE PRESCRIPCIÓN S TÉCNICAS**

**Memoria xustificativa**

O Imposto sobre construcións, Instalacións e Obras é un tributo exclusivamente municipal regulado en tres únicos artigos (100 a103) do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais. Esta somera regulación legal xunto coa xuventude deste tributo, que aparece por primeira vez no panorama do dereito tributario español na Lei Reguladora das Facendas Locais de 1988, resulta determinante á hora de diagnosticar e avaliar as dificultades dos servicios tributarios dos concellos para xestionar, inspeccionar e recadar este tributo nas contías que se derivarían do preceptuado legalmente.

O Concello de Vigo, igual que os outros concellos, na medida en que é titular da competencia de expedir licencias urbanísticas, coñece con exactitude a existencia de todos os feitos impositivos así como os suxeitos pasivos. Pódese dicir que non hay máis ocultación neste imposto que a que se deriva de obras ilegais por carecer de licencia. Podemos afirmar, pois, que o ICIO, no Concello de Vigo é un imposto que pagan todos os obrigados tributarios, ó tempo que a súa xestión inicial é moi eficaz.

Os problemas aparecen no momento en que a administración tributaria do Concello intenta determinar a corrección da base impositiva declarada e así completar o procedemento tributario emitindo as correspondentes liquidacións definitivas. Durante os quince anos de vixencia deste imposto ten sido inviable determinar de forma certa a base impositiva do imposto.

O artigo 102 do TR da LRFFLL establece : “A base impositiva do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra; entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material.”

Aínda que a Lei explicita algo máis o contido concreto de conceptos como “custe real e efectivo” e “custe de execución material” o certo é que só mediante unha análise exhaustiva da contabilidade da obra, sería posible unha determinación certa da base impositiva deste imposto.

O artigo 103.1 da Lei establece que os servicios tributarios realizarán unha comprobación administrativa para modificar ou non a base imponible declarada. Compre sulñar que a propia Lei establece dúas condiciónns previas á citada comprobación administrativa:

- Que as obras estean finalizadas.
- Que se coñeza o “custe real e efectivo”.

Os servicios tributarios do Concello coñecen con certeza a data de finalización das construcións a través de documentos que presentan os solicitantes de licencias de primeira ocupación de edificios na Xerencia Municipal de Urbanismo. Igualmente dispoñen dunha completa documentación relativa as obras rematadas a través do Servicio de Xestión Catastral do Concello, competente para a tramitación de alteracións de carácter físico, económico e xurídico na Base de Datos Catastral. Ó amparo do disposto nos artigos 4 e seguintes da Lei de Réxime Xurídico das AAPP e do Procedemento Administrativo Común (lei 30/92 de 26 de novembro), o Concello podería ter acceso a documentos de declaración de obra nova presentados na correspondente Delegación da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Pois ben, o conxunto de documentos a que se alude no parágrafo precedente, amáis da certeza de obra terminada, non dan máis que unhas declaracións dos titulares das obras cos importes que consideran adecuados:

“estimación do valor da obra nova”, “importe da execución”, “valoración da reforma”, “valoración a efectos exclusivamente fiscais”, “valor total da obra terminada”, “valoración do construído”, “valor do investido na construción”....Todos os conceptos anteriores supoñen unha aproximación ó “custe real e efectivo” pero só un acercamento ó importe da base imponible do imposto.

A modificación introducida pola lei 51/2002 de 27 de decembro, acotando as partidas de custe que non deben figurar na base imponible do imposto conduce de forma inequívoca á conclusión de que o concepto de “custe real e efectivo” só poderá determinarse de forma incuestionable, mediante a análise da contabilidade da obra. Isto non significará que haxa que recurrir a este método en todos os casos, pois en moitas obras a coincidencia de determinados indicadores, presupostos, declaracións...hacia un importe determinado, revela que a análise contable non engadiría eficiencia e efectividade. Sen embargo a contabilidade da obra resultará imprescindible cando exista unha discrepancia relevante entre a administración tributaria e o suxeito pasivo.

O Concello non conta con técnicos especialistas en análise de contabilidade privada. O servicio de inspección tributaria só conta con técnicos especializados en procedemento inspector. En consecuencia, abordar unha comprobación do ICIO a nivel de bases imponibles, esixe contar cunha asistencia técnica externa con uns mínimos de solvencia técnica acreditados neste tributo. Neste punto, a actuación do Concello sería acorde coa seguida por outros concellos que xa teñen en marcha actuacións comprobadoras neste imposto.

A proposta de asistencia técnica que aquí se formula cumpriría con todas as esixencias de procedemento e garantías ó contribuínte a que obriga a Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

Dende o punto de vista presupostario non é preciso unha previa retención de crédito para facer fronte ó contrato pois, a xestión do gasto derivado do correspondente contrato realizarase de conformidade co anexo as bases de execución do presuposto prorrogado do ano 2006, materializándose o gasto con cargo á partida 611.02270606: traballos regularización ICIO, do presuposto de gastos de forma condicionada a que se produzan ingresos na partida 28201: regularización ICIO do presuposto de ingresos.

En consecuencia, fórmulase a seguinte

### **PROPOSTA:**

- 1º Contratar asistencia técnica externa para regularización do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que consistirá en colaboración de carácter técnico e administrativo para a xestión e inspección deste tributo.
- 2º Realizar a contratación polo procedemento de urxencia, para evitar prescripción de débedas tributarias, coas reducións de prazos de procedentes de conformidade co texto refundido da Lei de contratos para as administracións públicas (RDL 2/2000 de 16 de xuño).
- 3º A xestión do gasto derivado do correspondente contrato realizarase de conformidade co anexo as bases de execución do presuposto prorrogado do ano 2006, materializándose o gasto con cargo á partida 611.02270606: traballos regularización ICIO, do presuposto de gastos de forma condicionada a que se produzan ingresos na partida 28201: regularización ICIO do presuposto de ingresos.
- 4º Realizar a presente contratación con arranxo ó seguinte clausulado:

### **1 OBXECTO DO CONTRATO:**

A colaboración e asistencia de carácter técnico e administrativo cos Servizos Tributarios do Concello de Vigo, para a práctica de actuacións de regularización, comprobación, xestión e inspección do Imposto municipal de Construcións, instalacións e Obras.

Sendo as funcións públicas de xestión e inspección de tributos, na medida en que implicaran exercicio de autoridade, reservadas legalmente a persoal suxeito a estatuto funcional, a contratación dos traballos de asistencia técnica e colaboración en materia de regularización e inspección de tributos, non suporá menoscabo algún das competencias atribuídas á Administración Municipal.

Por conseguinte, en ningún caso os adxudicatarios do presente contrato terán o carácter de órganos de liquidación ou inspección, limitándose as súas tarefas á mera colaboración e auxilio ós servicios Administración e Inspección de Tributos do Concello.

## **2 CONTIDO DAS ACTUACIÓNS, PROCEDEMENTOS E TARIFAS OBXECTO DO CONTRATO:**

2.1 O contrato terá por obxecto actuacións que non impliquen exercicio de autoridade nin dictado de actos administrativos, reservándose ditas funcións expresamente ós órganos e funcionarios municipais competentes.

2.2 Os Servizos de Administración de Inspección de Tributos do Concello proporcionarán ó contratista a información que conste nos seus arquivos e bases de datos tributarios, que interese para o desenvolvemento deste contrato.

O contratista realizará tódalas súas actuacións con estricto cumprimento da Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo 2/2004) e restante normativa de aplicación.

2.3. O contratista recibirá dos Servizos correspondentes a documentación precisa e colaboración que lle permita realiza-la súa actividade.

2.4. O contratista desenvolverá as comunicacións, informes, visitas e actuacións conforme ás disposicións legais vixentes en materia tributaria e outras de aplicación. No caso de que calquera das súas actuacións, relativas ó feito imponible, suxeito pasivo ou calquera outro elemento do tributo de que trate, dificultase o desenvolvemento do procedemento, o contratista porá esas circunstancias en coñecemento da Dirección de Ingresos do Concello, coa finalidade dun seguimento e toma de decisións conducentes a procedementos que respeten as garantías dos contribuíntes, así como a máxima seguridade xurídica das liquidacións resultantes.

2.5 Os datos obtidos polo contratista no transcurso desta colaboración e asistencia técnica deberán ser subministrados ó Concello en soportes informáticos con formatos e características que permitan a súa integración nos sistemas aplicativos utilizados por éste, sendo posible en todo caso:

Integración de datos en padróns fiscais e bases de datos: carga de información, tratamento de datos de suxeitos pasivos, identificación territorial no seu caso, impresión de documentos (listados, notificacións, etc.).

Así mesmo, liquidacións paralelas e complementarias: entradas de datos manual para documentos de alta, cálculo de liquidacións, liquidacións complementarias e propostas de devolución no seu caso, emisión de documentos (cargos, pago, etc.).

### **3. DIRECCION E SUPERVISION DOS TRABALLOS:**

Os traballos serán realizados en colaboración cos Servizos de Administración e Inspección de Tributos e supervisados pola Dirección de Ingresos.

### **4 DURACIÓN DO CONTRATO:**

A duración do contrato será de DOUS anos a contar desde a data da súa formalización.

O contrato poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, previo acordo do órgano de contratación.

### **5 PREZO DO CONTRATO:**

Fíxase como importe máximo deste contrato o de 1.000.000€ (IVE incluído).

O prezo consistirá como máximo no 22%, IVE engadido, do importe efectivamente ingresado en arcas municipais por principal, intereses e sancións.

No presente contrato non haberá revisión de prezos.

### **6 PAGAMENTO:**

O pago do prezo do contrato aboarase ó adxudicatario fraccionadamente por períodos bimestrais, mediante a presentación da correspondente factura, coa conformidade da Dirección de Ingresos.

### **7 CRITERIOS OBXECTIVOS MINIMOS DE SOLVENCIA TÉCNICA PARA PRESENTARSE Ó PRESENTE CONCURSO:**

Segundo a natureza deste contrato e o disposto no art. 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D. lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, establécense os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os contratistas para que poidan formula-las súas ofertas:

7.1. Que o Director/a do proxecto proposto conte coas seguintes características académicas e profesionais:

Ser licenciado/a ou doctor en Dereito ou en Ciencias Económicas ou Empresariais.

Ter desempeñado, con anterioridade, postos de traballo de responsabilidade en xestión ou inspección na Administración Pública.

Este criterio de solvencia académica e profesional ven xustificado pola necesidade de garantir uns niveis mínimos de calidade na asistencia técnica tanto máis facilmente predicibles se a dirección dos traballos ten coñecementos de carácter xurídico e económico así como dos procedementos tributarios.

- 7.2. Que o contratista tivese realizado asistencias técnicas para a xestión-inspección do Imposto de Construcción, Instalacións e Obras, establecéndose neste criterio de selección que o importe mínimo da débeda ingresada por este imposto no conxunto das administracións contratantes sexa de máis de 1.000.000€ A certificación incluirá, exclusivamente, resultados de importes de ICIO no caso en que o contrato incluíra asistencia para varios tributos .

Este criterio destínase a determinar un nivel de eficacia mínima en termos de resultados e, deberá acreditarse mediante certificación oficial dos correspondentes órganos de recadación, nos que conste expresamente o obxecto do contrato e data do mesmo, coa expresión dos importes efectivamente ingresados por ICIO, en relación cos contratos que se mencionen.

## **8 CRITERIOS DE VALORACION PARA A ADXUDICACION DO CONCURSO:**

- 8.1 Memoria detallada do traballo a desenvolver, que conterà como mínimo:

Procedementos, tarefas e actuacións a desenvolver, así como aplicativos propostos.

Ata un máximo de 40 puntos.

- 8.2. Métodos propostos para a auto avaliación da calidade.

Ata un máximo de 20 puntos.

- 8.3. A oferta económica máis vantaxosa, constituída polas maiores reducións nas porcentaxes ofrecidos na proposición económica valoraranse ata un máximo de 20 puntos. O resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

- 8.4. Outras posibles melloras: ata 10 puntos.

9 No non previsto nestas cláusulas que poidera afectar a esta contratación estarase ó disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outono polo que se aproba o Regulamento de Contratos para as Administracións Públicas e restante normativa de aplicación.  
MJM/pc.

Vigo, 25 de xaneiro de 2006  
A Directora de Ingresos

Asdo: M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila

CONFORME,  
O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal

Asdo: Javier Guerra Fernández